



Ref.: C64/15

Proposta de alcaldía

Asto.: Aprobación expediente de contratación para o arrendamento dun ben inmovible (local de oficinas) por concurso público para destinalo a oficina municipal.

Considerando que por acordo plenario adoptado na sesión ordinaria correspondente ao mes de setembro celebrada o pasado 17.09.2015 declarouse deserto o procedemento aberto de contratación para o arrendamento dun ben inmovible (local de oficinas) por concurso público para destinalo a oficina municipal, por ausencia de licitadores, publicándose o correspondente anuncio da declaración de deserto no taboleiro de anuncios do concello, no perfil de contratante da web municipal e no BOP núm. ....

Manténdose inalterable a necesidade e conveniencia de arrendar un ben inmovible (local de oficinas) para destinalo a oficina municipal en base á xustificación que resulta da documentación obrante no procedemento coa referencia C/25-15 na memoria do concelleiro delegado de persoal de data 24.3.15 e recolle a cláusula 1ª do borrador de prego de condicións (PCAP) que se acompaña á presente proposta fundamentado na necesidade administrativa de reubicar as dependencias administrativas do departamento de Servizos Sociais e o Centro municipal de información á muller (CIM) do concello de Bueu baixo criterios de racionalidade que aconsellan a agrupación física destes servizos coa conseguinte agrupación dos postos de traballo adscritos aos mesmos xa que, na actualidade, debido á configuración xeométrica e á escasa superficie das dependencias municipais existentes, atopanse dispersos en distintas ubicacións.

Vistos os requisitos técnicos do ben inmovible obxecto de arrendamento que se definen no informe do Arquitecto técnico municipal de data 3.12.14 que obra no procedemento coa referencia C/B 95-14, do que se adxunta copia á presente proposta, e no borrador de prego de prescripcóns técnicas do arrendamento (PPT), de 21.9.2015 que se acompaña á presente proposta.

Asemade e dado que se manteñen inalterables as cláusulas contidas nos PCAP e PPT que forman parte do expediente C25/15; se axuntan á presente proposta copia dos seguintes documentos que obran no citado expediente:

- Informe da directora do Centro de Información ás Mulleres de data 25.3.2015 sobre os requisitos do local onde se ubiquen as dependencias do CIM.
- Proposta de gasto de data 23.3.2015 e retención de crédito de data 25.3.2015 con cargo a aplicación orzamentaria 2015.0.231.20200.01 por importe de 5.989,50 euros.
- Informe da Secretaria do concello de data 25.3.2015.
- Informe do Interventor municipal de data 25.3.2015.

A vista da documentación obrante no expediente administrativo e consonte o art. 110.2 e Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, pola presente propoño ao Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)  
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099  
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

1º.- Aprobar o expediente de contratación para o arrendamento dun ben inmovible (local de oficinas) por concurso público para destinalo a oficina municipal coas seguintes características:

- Obxecto do contrato: Arrendamento dun ben inmovible (local de oficinas) coas características detalladas no prego de prescipcións técnicas (PPT) para destinarlo a oficinas municipais que se resumen do seguinte xeito:
  - Sito na planta baixa de inmovible
  - Superficie útil mínima de 200 m<sup>2</sup>
  - Distante da casa consistorial como máximo 200 m.
- Duración do contrato: Cinco (5) anos, sesenta (60) mensualidades, contados a partir do primeiro día do mes seguinte á data de formalización do contrato privado de arrendamento en documento administrativo. O arrendatario tendrá dereito á resolución do contrato ao vencemento de cada anualidade, mediante notificación ao arrendador de xeito fehaciente cunha antelación mínima de tres meses, da súa vontade de resolverlo ao termo de cada anualidade.
- Procedemento: Concurso público aberto, con varios criterios de adxudicación
- Importe máximo do arrendamento: O importe máximo mensual que deberá ser mellorado á baixa polos licitadores é de 550 € mensuais, IVE excluído, sendo o IVE aplicable do 21% que ascende á cantidade de 115 € , o que supón un total de 7986 € anuais, IVE incluído.
- Garantía/Fianza: Dúas mensualidades da renda pactada

2º.- Aprobar os PCAP e o PPT que fixan o procedemento e condicións para o arrendamento do ben inmovible (local de oficinas) para destinalo a oficina municipal que se adxunta á presente proposta.

3º.- Ordenar a publicación do correspondente anuncio de licitación no B.O.P de Pontevedra, no taboleiro de anuncios e no perfil de contratante, para que durante el prazo de dez días naturais os interesados poidan presentar as ofertas que estimen pertinentes.

Bueu, a 21 de setembro de 2015

O alcalde

Félix Juncal Novas